

Carta aberta ao Atlántico Diario

Estimados Diario Atlántico e xornalista Roma Tébar:

Quedamos realmente sorprendidos cando lemos o voso artigo, non sabemos as razóns, motivos ou información errada que puido chegar as vosas mans para rematar escribindo unha crónica tan desacertada do sucedido no pleno do pasado 17 de marzo.

O que si vos pode asegurar Ponte Solidario é que levamos meses de traballo en prol dun Informe de Mínimos de maneira pública e aberta, sempre buscando un gran consenso social para apoialo. Por iso, **pese as nocivas intencións que asoman detrás do voso artigo, a percepción de Ponte Solidario como asociación estará avalada por dous anos de traballo** e esforzo onde acadamos salientables logros no eido social.

Agora, se nos permitides, matizamos e desmentimos:

- *“En el nombre de la solidaridad se agrade a una edil de ACIP”* é un **titular tremendamente difamatorio** para algo tan relevante e con tanto trasfondo social como o acontecido estes días. Non recibimos **ni unha soa chamada**, nin un só email, para preguntarnos se esa acusación era certa. Si recibimos, indirectamente no voso artigo, a acusación de que o Atlántico non foi convidado a rolda de prensa do día 18 perxudicando aos vosos lectores, cando **Ponte Solidario enviou a comarcas@atlantico.net todos os comunicados e informacións que remitimos esta semana**, incluída a convocatoria ás 10.00h do día seguinte para unha conferencia de prensa no salón de plenos.
- *“Una utopía prácticamente inviable”* é unha forma un tanto inxusta de referirse ó Informe de Mínimos e pon de manifesto o absoluto descoñecemento que quen escribe ten sobre as medidas e o traballo de Ponte Solidario, que só con voluntarios xa puxo en marcha parte de esa *“utopía inviable”*. Si, Ponte Solidario gracias a colaboración da empresa local fixo realidade a primeira vivenda de aluguer social e **queremos seguir ese camiño de “utopía”, viable neste caso.**
- *“...parapetándose en el despacho de la Alcaldía”, “tangana”, “escrache” ou “pasaron la noche encerrados”* son expresións que debuxan un Pleno como unha barricada suburbial e **atacan as intencións da cidadanía de utilizar ferramentas participativas** na vida política da vila. Poder exercer o dereito a mobilizarse e falar nun pleno municipal cando temos a palabra é acaso un feito negativo? Violento quizáis? Ademais, de novo atopámonos con información non contrastada. Nin parapeto nin encerro, Ponte Solidario e os colectivos da mobilización permaneceron no salón de plenos con permiso das autoridades e coas portas abertas toda a noite, porque cremos convinte utilizar un espazo de debate precisamente para iso, para o debate aínda cando con quen queremos debatir abandona a sala.
- *“Algunos criticaban al portavoz de Ponte Solidario por haber hecho más que una reivindicación un discurso político”*.
Gustaríanos polo menos coñecer quen fundamenta esa acusación e no caso de que sexa unha “liberdade creativa” de quen escribe, dicirlle que utilizar as canles políticas como fai Ponte Solidario para traballar contra a exclusión social non é reprochable, é

necesario. A política é necesaria para cambiar as cousas, pódese levar a cabo a acción social sen membrete de partido algún pero traballando coas institucións, **querer mellorar e garantir un mínimos de dignidade en Ponteareas non é un discurso político, é sentido común.**

- *“Hubo concejales que ni siquiera pudieron subir al salón de sesiones”*.
Nin un só concelleiro pode afirmar que se quedou fora do pleno pola concentración de Ponte Solidario. Non o poderá afirmar simplemente porque iso non ocorreu.
- Sobre a suposta *“agresión a una edil de ACIP”*, na que *“una situación muy desagradable con insultos y empujones incluidos que le provocó -a la edil María José Aparicio- un ataque de ansiedad y pánico”* polo que tivo que ser sacada de alí *“casi en volandas, evitando que rodase por las escaleras hasta que fue arrojada por la Policía Local”*, como dicíamos, **sobre isto estamos sen palabras.**
É difícil faltar máis ao respecto e a verdade nun só parágrafo. Pero como non todo dependeu de Ponte Solidario o pasado día 17, e nese caso que se conta non había persoas da asociación involucradas, preocupámonos por indagar no suceso. Despois de falar coa **edil María José Aparicio, confirmou a Ponte Solidario que aínda que sí viviu unha situación tensa cunha persoa que asistiu ó pleno, non houbo ningunha agresión nin nada que se lle parecese**, polo que a narración do episodio no Atlántico Diario trátase só dun exercicio de mal gusto periodístico.

Por todo isto pedimos unha rectificación, xa que o agravio cara Ponte Solidario e toda a xente que con ilusión se mobiliza polo que considera xusto e necesario está feito, a lo menos tentar reparar o que puido poñerse en tela de xuízo.

Asociación Ponte Solidario